



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE SADA CURSO 2015/2016

1.- Renovación da matrícula para o curso 2015/2016:

Do 1 de Xuño ao 10 de Xuño.

- . Só **para alumnado xa matriculado na Escola** Municipal de Música no curso anterior 2014-2015.
- . Os **impresos de renovación de matrícula** poden obterse na Casa da Cultura, no Rexistro do Concello, na Oficina da Xuventude ou na páxina web do Concello.
- . Unha vez abonado o importe da matrícula na entidade bancaria, **presentar o impreso no Rexistro Xeral do Concello***, debidamente cumprimentado e selado pola entidade bancaria, **ata o 10 de xuño**.
- . Exclusivamente para **alumnado que curse 1º de linguaxe musical** no presente curso 2014-2015, cubrir no impreso de renovación de matrícula a elección do instrumento.
Para o curso 2015-2016 dito alumnado poderá elixir entre as seguintes especialidades:
 - . 1 praza: Frauta traveseira
 - . 2 prazas: Percusión
 - . 4 prazas: Piano
 - . 2 prazas: Guitarra
 - . 1 prazas: Trompa
 - . 3 prazas: Trompeta
 - . 2 prazas: Violín
 - . 1 praza: Viola
- . A adxudicación de especialidade instrumental, farase por estricto orde do número de entrada no Rexistro Xeral do Concello e en función das prioridades manifestadas na solicitude.
- . Os alumnos que non formalicen a matrícula dentro do prazo serán dados de baixa para o vindeiro curso 2015-2016.
- . O **alumnado que pertenza a Banda Municipal ou ao Coro Municipal** de adultos deberán **cubrir o impreso** de matrícula, **indicando** na casilla correspondente **a que formación pertencen**.

Ningún alumno ou alumna poderá matricularse no mesmo curso máis de dous períodos lectivos.



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE SADA CURSO 2015/2016

2.- Preinscrición novo alumnado curso 2015– 2016:

Do 1 de Xuño ao 10 de Xuño.

- . So para alumnado de novo ingreso.
- . Os impresos de preinscrición para novo ingreso, poderán obterse na Casa da Cultura, no Rexistro Xeral do Concello, na Oficina da Xuventude ou na páxina web do Concello.
- . Presentar o impreso no Rexistro Xeral do Concello* debidamente cumprimentado.
- . A preinscrición é obligatoria para todas aquelas solicitudes de novo ingreso.
- . A admisión do alumnado será por estricto orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello segundo as vacantes dispoñibles.
- . Para acceder ao curso Música e Movemento I, o neno ou nena terá cumpridos os 5 anos de idade antes do 1 de Xaneiro de 2016.

A lista de alumnado admitido será exposta no taboleiro da Escola Municipal de Música e no taboleiro de anuncios do Concello o día 15 de Xuño.

O prazo para formalizar matrícula de novo ingreso abranguerá dende o 16 de Xuño ata o 26 de Xuño ambos inclusive.



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE SADA CURSO 2015/2016

3.- Formalización da matrícula do alumnado de novo ingreso para o curso 2015/2016.

Do 16 de Xuño ao 26 de Xuño.

. Os impresos de formalización de matrícula para o alumnado de novo ingreso poderán obterse na Casa da Cultura, no Rexistro Xeral do Concello, na Oficina da Xuventude ou na páxina web do Concello.

. Unha vez, abonado o importe da matrícula na entidade bancaria, presentar o impreso no Rexistro Xeral do Concello*, debidamente cumprimentado e selado pola entidade bancaria.

. A non formalización da matrícula dentro do prazo establecido, entenderase coma renuncia da praza, cubríndose ésta por riguroso orde da listaxe de espera.

. Todos e todas aquelas solicitantes que non consigan praza quedarán automaticamente en listaxe de espera, para cubrir posibles baixas que se produzan durante os primeiros tres meses do curso lectivo.

. Por razóns didácticas, non se admitirán novo alumnado dende o 1 de xaneiro do 2016.

* (Registro Xeral do Concello:

Edificio de Servizos administrativos, Avda. da Mariña nº 25;

Horario: Luns a Venres de 9 a 14 horas, sábados de 9 a 13 horas)